



99 **MEDIDAS**

PARA 0

99 **%**

99 MEDIDAS PARA 0 99%



RADICALIDADE DEMOCRÁTICA

CREMOS NA DEMOCRACIA, CREMOS NA PARTICIPACIÓN CIDADÁ. CREMOS QUE A DEMOCRACIA DEBE ENTRAR NO CONCELLO, PERO TAMÉN DEBEMOS QUE NON DEBE ESTAR SÓ DENTRO DEL. QUEREMOS QUE TODA A CIDADANÍA SE SINTA PARTICÍPE, E Á VEZ QUE ESTA TEÑA UN GOBERNO GUIADO POLA ÉTICA E A RESPONSABILIDADE FRENTE Á OPACIDADE E OS INTERESES QUE HOXE ESTÁN TRAS AS POLÍTICAS PÚBLICAS.

1. Redución dun 50% no custo do goberno municipal e límite salarial de 40.000€ brutos/ano.

Nos últimos anos observamos como os salarios na política medran ao mesmo ritmo que o empobrecemento da xente. Por iso dende a Marea Atlántica pensamos que as persoas que nos representan non deben vivir nunha realidade paralela, nunha burbulla que as afaste da realidade e

que fai, en definitiva, que a cidadanía non se sinta identificada cas súas representantes. Consideramos absolutamente prioritarias dúas actuacións neste campo:

- Redución dos salarios até os 40.000€ brutos anuais de máximo.
- Reducir un 50% os custos do goberno local. Isto supón un aforro anual de un millón de Euros.

2. Transparencia total. Publicación da información do Concello de xeito continuo.

Estamos fartos da corrupción, dos enchufes, temos que abrir as portas e as ventás de María Pita; é necesario que corra o aire e comece ese novo tempo de transparencia

99 MEDIDAS PARA O 99%



que representa a Marea Atlántica. Queremos e necesitamos un concello de cristal, con transparencia total.

Entendemos as empresas municipais como unha fonte de ingresos para o concello e de benestar para a xente, non como unha axencia de colocación e de fraude, por iso esta transparencia debe extenderse tamén a estas sociedades.

Actuacións:

- Publicación das adxudicacións de contratos, os decretos e resolucións de todos os órganos municipais, tamén os dos unipersoais como a alcaldía e dos cargos directivos.
- Presencia da oposición nas mesas de contratación.
- Actuacións a coste cero como a formación do funcionariado para a transmisión de información á cidadanía.

3. Implantación dos Orzamentos participativos.

O diñeiro da administración é diñeiro que sae de todas e de todos, que sae do noso traballo, que sae dos nosos impostos, e sobre el tamén queremos decidir, decidir como debe ser xestionado e a que debe ser destinado.

Os Orzamentos municipais (252 millóns de euros neste ano 2015) non poden ser unha decisión en exclusiva da Corporación, allea á participación cidadá. Non abonda co trámite de exposición ao público do Orzamento. Faise necesaria que a participación municipal se asente na propia dinámica e proceso de conformación do Orzamento, escoitando as demandas cidadás, das asociacións, das entidades e colectivos. E non só para propoñer senón tamén para decidir e controlar. Orzamentos participativos, porque trátase de que todas e todos decidamos o destino, uso e control dos recursos públicos, trátase de que os orzamentos sexan un instrumento de transformación social.



4. Descentralización administrativa e participativa en Distritos Barriais e Activación do Consello Social da Cidade.

O Concello debe achegarse á cidadanía e a cidadanía debe achegarse ao Concello. Isto, que é moi fácil de dicir, concrétase en medidas, en propostas para que sexa máis sinxelo este intercambio. Queremos estruturar, como marca a lei, a cidade en Distritos Barriais, pequenos órganos de representación onde cada veciña e cada veciño poda trasladar as cousas que lle preocupan do seu entorno máis inmediato, desde as infraestruturas aos dereitos.

As Xuntas de Distrito serán órganos de participación e xestión descentralizada que permitan a rendición de contas do Goberno Municipal, a participación cidadá, así como a xestión directa de asuntos propios do Distrito. Na configuración das Xuntas de Distrito terase especialmente en consideración o tecido asociativo veciñal, social, cultural, etc., con implantación nos distintos barrios.

Nos barrios vivimos, os barrios vivímolos, pero tamén existen unha serie de cuestión que merecen unha especial atención, temás fondos que precisan de mecanismos que axuden ao benestar, e por iso crearemos o Consello Social local. Un organismo que permita á xente que vive esas problemáticas ou que quere implicarse na súa solución unha vía para comunicarse directamente coas institucións e procurar solucións.

Actuacións:

- Creación de Xuntas de Distrito por barrios.
- Activación do Consello Social Municipal.



5. Establecemento dun sistema de referéndums veciñais para cuestións de especial transcendencia. Modificación do Regulamento Orgánico Municipal, facilitando a participación directa dos veciños nos plenos.

A modificación do Regulamento Orgánico Municipal non é un mérito trámite. A modificación do ROM pode facer do da Coruña un Concello que goce de medidas democráticas avanzadas. A proposta da Marea Atlántica consiste no establecemento en todas as ordes do día dos plenos ordinarios punto para a participación de quen así o solicite, de quen solicite ser escoitado, trasladando de xeito directo as súas demandas e críticas ao goberno municipal.

Con este fin, cambiaremos os actuais horarios dos plenos municipais, para que estes se celebren pola tarde permitindo así unha maior asistencia aos mesmos.

Ademáis, a participación cidadá será determinante mediante un sistema de referéndums e outros mecanismos de opinión antes de abordar accións que podan supoñer un forte impacto (a nivel urbanístico, ambiental ou social) no municipio.

Actuacións:

- Modificación do ROM, establecendo a participación directa.
- Modificación do horario dos plenos como medida de estímulo á asistencia.
- Referéndums en caso de acción de forte impacto.

6. Límite de 2 mandatos (8 anos) para os representantes Municipais da Marea.

A Marea Atlántica estará no Concello da Coruña para mudalo, non para fosilizarse nel, por iso establecemos un límite máximo de dous mandatos para os nosos representantes. Nin un máis.



7. Auditoría e fiscalización de todas as concesións municipais.

A cidadanía ten dereito a saber en que se ten invertido o seu diñeiro nestes anos, pero tamén a saber en que situación se atopan os servizos dos que disfruta. De xeito pouco transparente, as bibliotecas, os centros cívicos as instalacións deportivas municipais, teñen sido lugares en que empregamos o noso tempo de ocio, e desde o Concello se empregaron para facer negocio. Airear as contas destes centros, e de moitas outras concesións municipais é fundamental.

Actuacións:

- Xestión directa dos servizos municipais cando sexa posible.
- Auditoría e fiscalización dos servizos municipais.
- Resolución de concesións nas que existan incumprimentos.

8. Creación dunha Plataforma Dixital de Participación Cidadá.

Desde a Marea atlántica queremos poñer a tecnoloxía ao servizo da cidadanía. Cos medios actuais pódese garantir unha canle de información entre o Concello e a cidadanía onde as persoas poidan consultar todo o referente ao uso dos bens e servizos públicos.

Esta ferramenta será bidireccional (recibir e dar información) para que a cidadanía participe e se informe .



9. Instituir mecanismos revogatorios, que permitan a expulsión de concelleiros/as da Marea por incumplimento do programa ou por imputación motivada.

A ética é un dos fundamentos do proxecto político da Marea Atlántica. Unha ética fundamental para mudar as cousas e unha ética para ser responsábeis coas persoas que confían en nós, e sobre todo coas que non confían.

Os cargos electos da Marea Atlántica, así como o persoal de confianza e cargos directivos poderán ser revogados internamente no caso de incumprimento grave e non xustificado do programa electoral, o que suporá no caso dos cargos electos a súa expulsión do grupo municipal e a esixencia pública de renuncia ao seu cargo, e nos cargos de designación, o seu cese inmediato. Ademais, comprométese a renunciar de forma inmediata ante a imputación xudicial de delitos relacionados con corrupción, prevaricación, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos públicos ou privados, suborno e malversación e apropiación de fondos públicos, sexa por interese propio ou para favorecer a terceiras persoas. Tamén no caso de imputación xudicial por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos ecolóxicos ou contra os dereitos humanos ou os dereitos das persoas traballadoras. Entenderase por imputación xudicial a existencia dunha resolución motivada onde un xuíz estime a existencia de indicios racionais de delito.

10. Políticas de seguridade cidadá que respecten a liberdade de expresión, os dereitos de asociación, de manifestación e de protesta.

As políticas de seguridade están moitas veces reñidas co pleno exercicio de dereitos. Cremos que é posíbel arranxar as problemáticas sociais por outras vías e cremos que é posíbel crear un modelo de seguridade cidadá acorde coas necesidades e respeitosa coas liberdades.



11. Carácter público dos sistemas de emerxencias e posta en marcha dun sistema de coordinación intramunicipal.

Estamos orgullosos dos centos de profesionais dos servizos de emerxencia que actúan na nosa cidade. Pero observamos con preocupación como ditos servizos están a ser privatizados, o que ten como consecuencia, entre outras cousas, erros de coordinación.

Actuacións:

- Defensa do carácter público do servizo ante os distintos intentos de privatización.
- Creación de mecanismos de coordinación intramunicipal que faciliten e optimicen a actuación dos servizos de emerxencia.

12. Respetar a laicidade da institución Municipal, de acordo ao principio de neutralidade relixiosa.

A Coruña é, como tantas outras, unha cidade complexa, unha cidade na que habitan persoas de moitas procedencias e de moitas crenzas distintas. A todas elas debémonos e ante todas elas actuaremos co debido respecto, facendo efectivo o principio de laicidade e de neutralidade relixiosa.



MODELO TERRITORIAL E URBANO

A CORUÑA É UNHA CIDADE GRANDE, DIVERSA, PERO TAMÉN DESORDEADA E FEITA DE COSTAS A QUEN A HABITA. QUEREMOS UN MODELO ACORDE ÁS NOSAS NECESIDADES COMO CIDADE, QUE NOS GARANTA UNHA MOBILIDADE CÓMODA E Á VEZ RESPEITOSA CO MEDIO AMBIENTE, RESPEITANDO AS ZONAS VERDES E DETENDO A VORACIDADE INMOBILIARIA.

13. Paralización dos desafiuzamentos de responsabilidade municipal e procura de solucións e alternativas para o resto.

A vivenda é un dereito, non un negocio. Dende a Marea Atlántica entendemos imprescindible desenvolver políticas a prol do dereito a un teito e unha vida digna para todas as persoas. Ningunha medida está de máis cando se trata de acabar cos desafiuzamentos.

Actuacións:

- O Concello non facilitará medios para apoiar ningunha acción de desafiuzamento, poñendo todos os recursos municipais ao servizo da resolución da situación.
- Cancelación dos saldos das contas nas entidades que practiquen desafiuzamentos.

14. Revisión do PXOM e modificación puntual do mesmo (Ofimático, Parque da Torre de Hércules, ámbito portuario e fachada marítima...). **Modificación do PEPRI.**

O actual Plan Xeral, PXOM, aprobado definitivamente no 2013 foi redactado

99 MEDIDAS PARA O 99%



orientado a un modelo urbano herdeiro e completamente dependente do crecemento e a expansión da economía do ladrillo cando a situación económica actual evidencia unhas necesidades e unha programación diverxentes co previsto no plan. Moito mais cando na cidade hai algo mais de 19.000 vivendas baleiras.

Actuacións:

- Modificación do PXOM nos seguintes termos: Parque Ofimático (reordenando o ámbito e o sistema de accesos), Parque da Torre de Hércules (impedindo novos volumes edificatorios e mellorando o entorno de protección da Torre), Museo do Automóbil no parque de Bens (evitando a ubicación proposta, debendo consensuarse outra alternativa de localización)
- Bloqueo da privatización do espazo público situado en ámbito portuario.
- Modificación do PEPRI en favor da rehabilitación urbana e a dotación de espazos públicos de calidade (aparcadoiros públicos e gratuitos, por exemplo).

15. Elaboración dun plan de fomento do dereito á vivenda e fomento da vivenda pública, a través da EMVSA. Fomento da rehabilitación e a renovación urbanas.

Entendemos a vivenda como un dereito fundamental, polo que estimularemos a finalidade básica de EMVSA, e do propio (PMS (Patrimonio Municipal do Solo), dando solución á demanda de acceso a unha vivenda digna e a uns prezos asequibles para o xeral da cidadanía.

Actuacións:

- Mantemento da reserva de vivenda protexida no 40%.
- Incremento do período de bonificación do IBI da vivenda protexida ata 7 anos.
- Bonificación no ICIO á construción de vivenda protexida.

99 MEDIDAS PARA O 99%



- Fomento das Áreas de Rehabilitación Integral.

16. Dar solución aos asentamentos precarios da cidade cun plan de inclusión social integral (Vivenda, emprego, educación, saúde....).

O dereito á vivenda ten que ser moito mais que a un teito, é dereito á veciñanza, a un lugar de residencia onde desenvolver a vida. Dar solución aos asentamentos precarios da cidade é tamén prioritario para a Marea.

Actuacións:

- Creación do Plan de acceso a un hábitat digno e inclusión social, en coordinación cos concellos da área

metropolitana, e adaptado a cada un dos asentamentos do termo Municipal.

17.1. Creación dunha Residencia Pública de Estudantes no edificio actual hotel NH Atlántico.

Neste ano caduda a concesión municipal ao hotel NH Atlántico sito nos xardíns de Méndez Núñez. Na liña do establecemento dunha nova relación da cidade coa Universidade, e de fomento dun polo de atracción de novos estudantes para a UdC, levaranse a cabo os trámites necesarios para a conversión de dito edificio en residencia pública.



17.2. Protección do Parque de Bens como espazo verde de uso público, impedindo a construción no mesmo do Museo do Automóbil, estudando unha localización alternativa.

A Marea considera que a ubicación proxectada, de titularidade e xestión privadas en zona verde pública, no maior parque da cidade, non é o axeitado. No suposto de que a entidade promotora do Museo presente outra alternativa de localización estudarase a súa viabilidade urbanística e ambiental co obxectivo do apoio municipal que proceda.

Actuacións:

- Modificación do PXOM, deixando sen efecto o Convenio do 2009, co obxectivo de evitar a implantación do Museo.

18. Aumento dun 50% da cota do IBI ás vivendas baleiras propiedade do FROB e entidades financeiras.

Dentro dos miles de vivendas baleiras na cidade, unha porcentaxe significativa é propiedade de entidades financeiras e do SAREB. Vivendas baleiras que en moitos casos mesmo son resultado de desafuzamentos previos ou de embargos hipotecarios.

Actuacións:

- Recargo do 50% do IBI a ditas vivendas baleiras.



19. Promover a recuperación para uso público do antigo cárcere provincial.

Os terreos do cárcere foron cedidos polo concello en 1925 e, unha vez anulado o nefasto Convenio de permuta do 2005 concorren os requisitos para esixir a reversión gratuita da parcela do cárcere ao Concello, e a súa posterior ocupación e destino a equipamento dotacional público.

Actuacións:

- Esixencia da reversión gratuita da parcela do antigo cárcere provincial e asunción das reivindicacións do colectivo Proxecto Cárcere de conversión do espazo nun centro cultural de xestión veciñal.

20. Modificación da ordenación urbanística do sistema xeral portuario.

A proposta de ordenación da fachada marítima portuaria pactada nos Convenios do 2004, e parcialmente modificada no PXOM aprobado no 2013, afectan a 441.500 m² de superficie e supón unha masiva apropiación privada dun espazo público (actualmente, dominio público portuario) e a posta no mercado de nova oferta residencial e terciaria nunha cidade que adoce dunha altísima porcentaxe de vivenda desocupada e un gran volume de superficie comercial. E todo elo con previstos volumes de edificación de ata 9 ou 10 plantas de altura, uns auténticos *motretos* nunha zona de especial afectación de impacto visual.

A cidade non pode repetir erros do pasado, tal e como aconteceu coas intervencións claramente desafortunadas do Palexco-Centro de ocio. Faise preciso, si, abrir á cidade ao mar, pero para recuperar espazos para uso e disfrute da cidadanía, e non para construír edificios de uso e volume como os previstos.

Actuacións:

- Modificación da ordenación urbanística prevista no PXOM.
- Revisión dos Convenios do 2004, no relativo tanto á ordenación urbanística



dos terreos como tamén ás condicións do plan de financiamento do porto exterior. Tanto o Convenio como o Plan de financiamento precisan de revisión por incumprimento.

21. Auditoría da plataforma Smart City

A Smart City foi ata agora, e sobre todo, un gran negocio millonario para as operadoras de telefonía, os xestores de plataformas, ao mesmo que para a industria da vixilancia. A Smart, xestionada por Emalcsa, leva adxudicados contratos por dez millóns de euros, sen que a cidadanía coruñesa percibise o beneficio social de tan elevado investimento público. A Smart foi en realidade un instrumento publicitario, e excesivamente publicitado, en ambos casos con elevados custos, e un escaso rendemento de interese público.

Actuacións:

- Auditoría e fiscalización da plataforma Smart City.
- Revisión das posibilidades de dita plataforma co obxecto de dotala dunha finalidade social eficaz e avaliabile socialmente.

22. Apertura efectiva do Parque do Observatorio da Agra do Orzán.

A apertura dunha parte dos terreos do futuro parque é raquíctica con relación ao conxunto destes terreos e mais aínda tendo en conta as urxentes necesidades do barrio en canto a espazos de lecer ao ar libre. Coma é sobradamente coñecido, este barrio (o de maior densidade da cidade) non ten ningún espazo no seu interior, que realmente acade a categoría de parque.

Actuacións:

- Execución do conxunto do parque a través do procedemento de ocupación directa que garante a disponibilidad para uso público de ditas superficies.

23. Revisión de oficio dos acordos municipais de enaxenación do aproveitamento municipal de Someso e, no seu caso, esixencia das responsabilidades administrativas, civiles e mesmo penais que procedan.

O polígono de Someso é paradigmático da política urbanística ao servizo da especulación, o pelotazo e ao servizo dos grandes promotores, amosando as consecuencias das nefastas políticas pasadas de crecemento urbanístico insostible, co agravante dun acreditado dano patrimonial ao Concello,

estimado polos propios servizos municipais en algo mais de 19 millóns de euros; dano patrimonial causado, basicamente, pola ilegal venta de bens municipais nos anos 2004 e 2005.

Actuacións:

- Revisión dos acordos de Somesmo, reparación do dano causado e esixencia de responsabilidades administrativas, civís e mesmo penais que procedan.

24. Reformulación do plan especial para a protección da contorna da Torre de Hércules .

Pese a declaración en 2009 da Torre de Hércules coma patrimonio da humanidade, a presión especulativa e a falla duns criterios de xestión da súa contorna que obedezan a este estatuto, segue a ser a nosa realidade cotiá. Débese actuar sobre o mais antigo e principal fito da nosa cidade dende un criterio de valoración patrimonial da súa identidade, que comeza pola contorna da Torre, ademais do importante uso metropolitano e para o barrio, que ten este espazo.

Actuacións:

– Impedimento da construción de novos volumes edificatorios no seu entorno e ordenar e poñer en valor o espazo de protección.



- Modificación do PXOM co obxectivo de elaborar un Plan Especial de Protección da Torre.

25. Creación dun programa de apoio ás hortas urbanas autoxestionadas.

A Marea aposta pola creación dun programa de apoio ás hortas urbanas comunitarias autoxestionadas, ao estilo das que xa están a funcionar de maneira existosa no Val de Feáns, que parta da localización de espazos de oportunidade e persoas usuarias interesadas e lles proporcione medios e asesoramento para a constitución das mesmas, en tódolos Barrios onde exista demanda.

Actuación:

- Elaboración dun programa de apoio ás hortas urbanas.



MEDIO AMBIENTE E PROTECCIÓN ANIMAL

26. Auditoria á planta de Nostián, mellora da recollida selectiva e redución en orixe dos residuos

A planta de Nostián é un dos asuntos de especial transcendencia (ambiental, económica e mesmo xurídica para o concello). Coñecer a realidade actual da planta, o seu axuste á concesión e ao contrato, a súa avaliación ambiental e de xestión económica, en ambos casos actualizadas, é prioritario, antes de resolver as decisións que deben tomarse para que a Planta, e con ela o modelo de xestión de residuos, cumpra cos seus obxectivos.

Actuacións:

- Avaliación da concesión, do contrato, da súa xestión, e do impacto ambiental.
- Creación dun plan de tratamento de residuos con obxectivo de residuo cero. Para isto deben poñerse en marcha medidas destinadas á redución da cantidade de lixo xerada e a mellor separación en orixe.

27. Naturalización urbana e mantemento da biodiversidade. Conservación de espazos naturais e zonas verdes e creación de novas áreas naturalizadas nos barrios.

No seu proceso urbanizador, A Coruña afástase cada vez máis do entorno natural e as zonas verdes son substituídas por espazos artificiais e inertes. Como consecuencia, a contaminación e o ruído aumentan, o ciclo da auga al térase, as temperaturas fanse máis extremas, diminúe a biodiversidade e perdemos calidade de vida e contacto coa natureza.

Actuacións:

99 MEDIDAS PARA O 99%



- Paralización inmediata as talas de arborado, ampliación de parques e hortas urbanas nos barrios.
- Xestión das zonas verdes máis próxima á naturalidade, con especies autóctonas, creación de hábitats para animais, sen herbicidas ou tóxicos en espazos públicos.
- Promoción da vexetación en teitos e fachadas, terrazas, balcóns e patios, e a súa implantación en edificios municipais.
- Declaración da franxa costeira como Monumento Natural.
- Análise do impacto económico e ambiental do deitado de area nas praias urbanas e as perspectivas de futuro tendo en conta a subida do nivel do mar.

28. Rexeneración da Ría do Burgo erradicando verquidos e ameazas e facilitando a rexeneración natural do ecosistema.

A Ría do Burgo, que antaño foi o sustento de máis de 700 profesionais do marisqueo, é un entorno gravemente degradado debido principalmente á contaminación por residuos tóxicos, metais pesados e augas residuais. Trala época de maior apoxeo industrial, a ría evolúe hoxe a unha marisma e pleno proceso de naturalización.

Actuacións:

- Execución dun plan de rexeneración para a valorización medioambiental e económica da ría, que consista fundamentalmente en eliminar as ameazas e focos de contaminación que aínda persisten e promover a rexeneración natural do ecosistema.
- Novas análises que teñan en consideración todas cautelas medioambientais para evitar a dispersión dos tóxicos na auga e os organismos durante os dragados dos lodos.



29. Educación e participación ambiental sobre os temas prioritarios: residuos, zonas verdes e espazos naturais, mobilidade, eficiencia enerxética, consumo...

A política ambiental precisa do apoio da poboación para garantir resultados. A ausencia ou superficialidade destes programas redundan en desmotivación e fracaso. A participación e a educación ambiental deben xoguen un papel constante no diálogo entre todos os actores implicados nas políticas ambientais.

Actuación:

- Elaboración de programas de educación sobre aspectos como a biodiversidade, os residuos e a limpeza, a auga, a enerxía, a mobilidade enfocados e centrados no empoderamento das persoas.
- Participación a través do Consello Municipal de Medio Ambiente e dos Observatorios de Medio Ambiente por barrios.
- Apoio institucional ás iniciativas cidadás de educación ambiental, así como ás asociacións e movementos sociais de protección do medio ambiente e a natureza.

30. A Coruña libre de maltrato animal. Supresión de calquera apoio Municipal en eventos nos que se maltraten animais.

Nin un euro do concello, nin un metro cadrado de bens municipais para o maltrato animal. O goberno municipal non será cómplice de eventos como as touradas baseados no maltrato a un ser vivo. Rematou a vergoña de que un concello que representa ao xeral da cidadanía coruñesa preste apoio económico (ou facilite bens como o Coliseo) para o maltrato animal.



31. Creación dun Centro Municipal de Protección Animal. Aposta progresiva e sostible cara un modelo de xestión con criterio de sacrificio cero.

Fiscalizar a actual concesión municipal e, no seu caso, revisar a mesma cara á posta en marcha dun Centro Municipal de Protección Animal, concebido non só como xestión dun servizo público senón tamén como un espazo aberto á cidadanía e a participación activa a través do voluntariado, e co obxectivo final do sacrificio cero, é unha aposta da Marea.



MOBILIDADE

32. Reordenación mapa de rutas de autobús urbano, priorización do paso mediante plataforma reservada en vías principais e mellora na accesibilidade en paradas. Paradas intercambiador urbano/interurbano en San Diego, Avenida Alfonso Molina e Ronda de Outeiro.

A necesidade de renovación do actual mapa de rutas de autobús urbano fundaméntase en que non chega a cubrir as demandas de transporte dos principais xeradores de movementos da cidade, dende polígonos industriais ata a zona hospitalaria ou os novos barrios urbanos coma Novo Mesoiro. O obxectivo de converter o transporte público na primeira opción de mobilidade na cidade pasa por reducir os tempos de tránsito entre as cabeceiras das liñas aumentando a velocidade media dos autobuses mediante o habilitado de pasos en exclusiva por determinadas rúas da cidade por un lado, e reformando as paradas de autobús para conseguir unha rede 100% accesible e que evite o aparcamento indebido e consiga mellorar os tempos de subida/baixada de usuarios polo outro.

Actuacións:

- Multiplicación das posibilidades de transbordo coa rede de transporte urbano máis aló da estación de autobuses, a través de diferentes liñas de transporte urbano nun mesmo recinto acondicionado para usuarios e autobuses en condicións de máxima seguridade, comodidade e eficiencia do servizo. Estas paradas intercambiador estarán situadas na Avenida do Exército (San Diego) con conexión ó desexable ferrocarril de cercanías ou na Avenida de Alfonso Molina (Matogrande).

33. Fiscalización da concesión da Compañía de Tranvías, acompañada dunha revisión das tarifas (implantación tarifa plana anticipada; bonificacións por familia numerosa).

O transporte público é un gran beneficio, si, pero para a Compañía de Tranvías. No 2013 (últimas contas depositadas no rexistro mercantil) a empresa pública obtivo un beneficio líquido de 3,5 millóns de euros, obtidos na súa maior parte das subvencións municipais (nese ano o concello ingresoulle a dita sociedade un total de 9,7 millóns de euros).

Actuacións:

- Inspección e fiscalización da concesión.
- Renegociación das tarifas e a mellora e implantación de bonificacións ao transporte, como por exemplo, para familias numerosas e a tarifa plana por anticipado.
- Ampliación das liñas (Universidade, zona hospitalaria, barrios periféricos...) e a súa frecuencia.
- Renovación e actualización dunha flota de autobuses en gran parte anticuada e amortizada.

34. Posta en marcha e sinalización de roteiros prioritarios para peón e bicicleta facendo uso de carril-bici en vías principais e por calzada en vías zonas 30 ou 20km/h. Remate prioritario da conexión cidade-Universidade.

Na actualidade, a mobilidade peonil e ciclista fica totalmente encorsetada pola prioridade para a xestión do tráfico rodado nunha cidade que, ó contrario do que se



cre, ten unha porcentaxe de mobilidade peonil elevada.

Actuacións:

- Creación de roteiros peonís prioritarios que darán continuidade e prioridade a aqueles itinerarios máis utilizados historicamente e a itinerarios centro-barrios e intrabarrios mediante ampliación de beira-rúas, mellora da calidade ambiental e de accesibilidade, criterios de accesibilidade universal, prioridade en pasos semafóricos e sinalización de roteiros e indicacións de tempos de tránsito.
- Remate dos itinerarios ciclistas postos en marcha, como o Centro-Universidade con derivacións ós barrios mediante carril-bici nas rúas de maior tránsito e mediante o habilitado de zonas de baixa velocidade de tránsito (30-20km/h) con circulación pola calzada en condicións de seguridade, visibilidade e sinalización de roteiros e tempos de tránsito.

35. Deseño e implantación dunha rede eficiente de aparcadoiros disuasorios públicos e gratuitos conectados co transporte público urbano/interurbano consensuados con concellos da área metropolitana.

A mobilidade proposta na cidade é comarca necesita ofrecer unha solución para evitar a entrada masiva de vehículos privados na urbe. Un dos exemplos de éxito importables á comarca é a dos aparcadoiros disuasorios, espazos habilitados para aparcar o vehículo privado que, necesariamente, teñan conexión con transporte público urbano e/ou metropolitano xa sexa este autobús ou coas futuras e desexables estacións de ferrocarril de cercanías.

Actuacións:

- Instalación de aparcadoiros disuasorios con referencia nas necesidades da comarca, o que fai condición indispensable a de establecer un diálogo cos concellos que conforman a realidade metropolitana.



36. Análise do estado da concesión do servizo de ORA e, dependendo da situación da licitación do contrato, valorar a súa remunicipalización.

A ORA foi un negocio ruinoso para o concello e un auténtico beneficio para as concesionarias e onde tamén aniñou a corrupción. Tanto nas etapas anteriores como na última adxudicación tramitada os gobernos municipais outorgaron a empresas privadas a xestión dun servizo público que debe ser de xestión municipal.

Actuacións:

- En función da situación legal da concesión e do proceso de adxudicación, avaliará a viabilidade de proceder á municipalización do servizo.



XUSTIZA E COHESIÓN SOCIAL

LEVAMOS MOITOS ANOS OBSERVANDO CON IMPOTENCIA COMO OS GOBERNOS ESCOLLEN RESCATAR AOS BANCOS E ÁS ENTIDADES PRIVADAS EN VEZ DE RESCATAR ÁS PERSOAS. OBSERVAMOS COMO MOITAS DAS SITUACIÓN DE POBREZA MATERIAL E EXCLUSIÓN SOCIAL PROCEDEN NON SÓ DO ESCASO EMPREGO DE CALIDADE, SENÓN TAMÉN DUNHAS POLÍTICAS QUE NON ESTÁN ORIENTADAS AO BENESTAR SOCIAL. NO SEU COMPRIMISO COA DIGNIDADE A MAREA ATLÁNTICA APLICARÁ AS SEGUINTE POLÍTIAS CO OXECTIVO DE AVANZAR NA IGUALDADE ENTRE AS PERSOAS QUE HABITAN A NOSA CIDADE.

37. Creación dunha Renda Social Municipal para completar os ingresos das persoas máis necesitadas.

Nunha cidade cunha taxa de risco de pobreza do 13%, tras un incremento do 70% no período 2007-2012, o maior dos sete grandes concellos galegos, e onde hai 22.030 persoas desempregadas, a metade sen cobertura de prestación, un concello cun orzamento de 252 millóns de euros pode e debe atender a demanda dunha Renda Social Municipal que garanta o acceso aos recursos básicos —aluguer de vivenda ou pago de hipoteca, subministración de auga e electricidade— e a un mínimo de subsistencia en condicións dignas.

Actuacións: - Establecemento dunha Renda Social Municipal cunha dotación anual inicial de 3 millóns de euros que aporte unha renda complementaria —entre 400 e 720 euros como máximo por unidade familiar, en función dos seus ingresos e as súas cargas familiares— para aquelas persoas que non teñan os requisitos para poder acceder á Risga



38. Rebaixa nas taxas da auga.

A taxa da auga experimentou na Coruña un incremento dun 41,5 % na tarifa dende o ano 2013. A tarifa mínima pasou dos 4,07 € ós 5,76€. Este incremento repercute moi negativamente na vida da cidadanía, máxime nun momento onde os ingresos medios dos fogares coruñeses descenderon nun 10.98% dende o ano 2008 e máxime cando este aumento resulta claramente inxusto establecelo nun tramo de mínimos. Todo isto mentres EMALCSA, a sociedade pública que xestiona o servizo da auga, obtivo numerosos beneficios.

Para a Marea a auga é un dereito fundamental e humano.

Actuacións: Débese garantir o suministro e que non se corte o mesmo por impago en casos socialmente xustificados.

39. Erradicar a pobreza alimentaria das/dos menores utilizando a rede de centros escolares da cidade.

Hai numerosas familias que atravesan por un complicado momento económico e con auténticas dificultades para garantir tres comidas ó día ás menores que teñen ó seu cargo. Neste contexto social o Concello debe poñer en marcha de forma inmediata as medidas necesarias que garantan a suficiencia alimentaria da infancia e o dereito á alimentación.

Resulta inadmisíbel para unha sociedade que, en pleno século XXI, haxa menores que, rematado o curso escolar vexan desaparecer a única comida suficiente e adecuada que recibían nos comedores escolares.



40. Promoción dun Plan Integral de Coidados que abordará a situación das persoas con diversidade funcional e/ou situación de dependencia. Aumento da cobertura do SAD.

As políticas do Concello da Coruña neste ámbito foron tendentes a non responsabilizarse da atención ás necesidades de coidados da cidadanía, asumindo así a sentenza de morte que os recortes estatais e autonómicos lle deron á Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (LAPAD).

Este plan é un paso cara un horizonte que poña cada vez máis a sustentabilidade da vida no centro da nosa organización social. Dende o ámbito municipal é preciso recoñecer os traballos que ata o momento permaneceron invisibéis, non remunerados e desempeñados maioritariamente polas mulleres.

Actuacións: - Creación dun Plan Integral de Coidados.

41. Erradicación da pobreza enerxética.

Na cidade un alto porcentaxe de familias teñen que pagar unha cantidade desproporcionada pola factura da luz ou directamente non poden pagala. O acceso á luz é unha cuestión de vital importancia para garantir unhas condicións de vida e saúde óptimas. Que se corte o subministro ou que o abono da factura supoña un elevado porcentaxe dos ingresos familiares obriga en moitas ocasións a ter que prescindir doutras cuestións básicas o que resulta unha clara inxustiza que hai que erradicar.

Actuación:

- Revisión da ordenanza de emerxencias sociais para combater a pobreza enerxética.



42. Creación dun Plan Local de Inclusión Social que articule de maneira eficaz a acción pública municipal en materia de políticas sociais.

A loita contra a pobreza e a exclusión social constitúen para a Marea unha liña de actuación fundamental na defensa da igualdade de oportunidades e no reforzo da cohesión social.

Actuacións: - Elaboración do Plan pola inclusión social, a través do que deseñar unha estratexia a nivel municipal para detectar, intervir e previr situacións de vulnerabilidade que teñan lugar na cidade.

43. Creación dun Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero.

Só un Concello que considera e contempla os dereitos das mulleres, garante un trato igualitario para toda a cidadanía. O paso de contemplar ás persoas, o seu benestar e a súa calidade de vida como o centro das decisións políticas a nivel local esixe unha mellor comprensión da situación social das mulleres e das relacións sociais de xénero. A Marea aposta por avanzar cara unha igualdade real de mulleres e homes, por iso propoñemos a creación dun observatorio municipal de igualdade de xénero.

A voz das mulleres é un valor para o desenvolvemento da vida municipal e como tal debe ser apoiada, escoitada e promovida dende as instancias públicas.

Actuacións:

- Creación dun Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero.



44. Reforzar de medios e persoal os Centros de Orientación Familiar e a Casa de Acollida.

Os centros de Orientación Familiar son os únicos centros sanitarios onde se trata a saúde sexual e reprodutiva dun modo integral mediante asistencia sanitaria, educación e prevención. Nos últimos anos estes centros sufriron numerosos recortes que repercutiron moi negativamente na cidadanía, por iso consideramos prioritario o seu reforzo incrementando os medios e o persoal. Asemade, é necesario ampliar os recursos que o concello destina a campaña sanitaria coa finalidade de poder abranguer tanto ás actividades de educación afectivo-sexual nos centros educativos, como as campañas de sensibilización sobre diferentes aspectos da saúde afectivo-sexual de cara á cidadanía.

Dende a Marea Atlántica temos como obxectivo vivir nunha sociedade libre de violencia de xénero. A violencia de xénero pódese evitar, débese previr e débese perseguir. Cómpre darlle atención a todas aquelas mulleres que sofren e esta atención debe ser multidisciplinar: sanitaria, educativa, xurídica, laboral, social, etc. Por iso, dende o eido local, é preciso incrementar e reforzar os recursos adicados á atención e prevención da violencia de xénero.

Actuacións: - Reforzo dos Centros de Orientación Familiar e da Casa de Acollida, con novas dotacións orzamentarias e profesionais.

45. Garantir o funcionamento da Oficina Municipal de Apoio á Migración.

Na Coruña hai 11.889 persoas estranxeiras segundo datos do INE do 2014. O s servizos sociais, en tanto que piar da igualdade de oportunidades e do benestar social do Concello, serán achegados a tódalas persoas inmigrantes e estranxeiras. Un Concello non pode favorecer a discriminación, nin crear unha segmentación entre persoas visíbeis e persoas non visíbeis ou non-persoas. O dereito de tódalas persoas inmigrantes aos recursos e prestacións estará por riba das contingencias administrativas.



Actuacións: - Reforzar a Oficina Municipal de Atención á Migración, ofertando ás persoas inmigrantes un asesoramento global, tanto de orientación laboral, de integración e asesoría xurídica.

46. Estudo e auditoría da accesibilidade dos centros municipais e erradicación dos obstáculos.

As persoas con diversidade funcional están moi determinadas pola falta de adecuación do contorno co que interactúan e as barreiras coas que diariamente se atopan discriminan e impiden o goce dos seus dereitos como cidadanía.

Existe numerosa normativa que regula e garante á accesibilidade das persoas, pero é flagrantemente incumplida.

Actuacións: Auditoría sobre a accesibilidade aos centros municipais a fin de eliminar as barreiras arquitectónicas e outros impedimentos presentes na nosa cidade e dende o ámbito local garantir a participación plena e efectiva das persoas con diversidade funcional en igualdade de condicións que as demais.

47. Implantación dunha Mesa de Diálogo Civil que xestione a relación entre a Administración Local, os axentes do terceiro sector e os diferentes recursos sociais.

A falta de coordinación entre as diferentes entidades implicadas (Administración autonómica, Administración municipal e entidades sociais) provoca un uso pouco eficiente dos recursos públicos e, polo tanto, ocasiona dificultades para conseguir os obxectivos expostos.

Dende a Marea Atlántica entendemos que é preciso o funcionamento en rede das diferentes áreas de traballo onde prime o obxectivo final de garantir unha vida digna para todas as persoas, fronte a políticas centradas na xustificación dos recursos



dispoñibles.

Actuacións:

- Implantación dunha Mesa de Diálogo Civil que institucionalice a interlocución, a participación, e a negociación entre a Administración Local, os axentes do terceiro sector e os diferentes recursos sociais presentes no territorio.

48. Implantación de programas de reforzo educativo para diminuír o fracaso escolar e apertura dos centros educativos fóra do horario escolar para realizar tarefas de tipo educativo/social/cultural.

O chamado fracaso escolar non é un fracaso do alumnado, senón do sistema educativo. Para combatelo é imprescindible unha docencia máis motivadora, personalizada e que atenda á diversidade. Isto é incompatible cos recortes e aumentos de "ratios" que se están levando a cabo.

O dereito á educación, en condicións de igualdade, democracia e para toda a cidadanía, é un dos piares sobre os que se sustenta a xustiza social.

Actuacións:

- Implantación de programas de reforzo educativo para diminuír o fracaso escolar e a apertura dos centros educativos fóra do horario escolar para realizar tarefas educativas, sociais e culturais a fin de mellorar a atención á diversidade do alumnado.



49. Posta en marcha de programas participativos de educación para a saúde para o conxunto da cidadanía, con especial énfase naqueles colectivos máis vulnerábeis. Introducirase a figura de Mediadoras/es da diversidade nos centros de saúde.

O social e o sanitario están completamente relacionados, as nosas condicións de vida repercuten directamente na saúde física e mental. Entendemos que a atención en relación á saúde por parte da Administración presenta distintas eivas que deberán ser corrixidas: sensibilización, prevención, acceso á saúde por parte de colectivos vulnerables, fomento de deporte e vida sana.

Actuacións:

- Elaboración de programas de educación para a saúde.
- Promoción da actividade física como elemento esencial no mantemento da saúde baixo un continuado seguimento dos indicadores de saúde municipal.

50. Adaptación das axudas ás necesidades da mocidade.

Nunha cidade onde as tres principais saídas da xuventude son paro, exilio ou precariedade é preciso desenvolver medidas que garantan á nosa mocidade un futuro e unha vida digna. Cómpre facilitar, entre outras, a emancipación, o acceso a unha educación de calidade e a entrada no mundo laboral.

Dende a Marea Atlántica temos presente que a mocidade debe ser un motor de vitalidade, dinamismo e inconformismo que enriqueza a cidade pero tamén coa consciencia de que é un dos sectores que máis sofre os efectos agudos da crise do modelo capitalista na súa fase neoliberal.



Actuacións: Reformular os procesos de axudas sociais municipais para adaptalas ás necesidades da mocidade.

51. Implantación dunha Estratexia Local de Inclusión Laboral para os Colectivos en Risco de Exclusión.

O discurso neoliberal traslada o fracaso social ao suxeito. Individualízase así a precariedade e a exclusión, como se fose un problema de falta de vontade persoal.

A Marea non quere seguir coa actual práctica do mercantilismo da pobreza, senón de redistribuír a riqueza a través duns servizos sociais e duns servizos públicos fortes, de calidade, capaces de ofrecer unha igualdade de oportunidades real entre todas as persoas do Concello. A propia Lei Galega de servizos sociais refírese ás agora chamadas "UNI" como unidades onde a maiores do traballador social ou do educador social preséntase un técnico de inserción sociolaboral.

Actuacións: Elaboración dunha estratexia de inclusión laboral que teña como obxectivo potenciar a integración no mundo laboral daquelas persoas que se viron afastadas do mesmo.

- Creación de equipos de inserción sociolaboral para colectivos en risco de exclusión social.



MODELO ECONÓMICO E ENERXÉTICO.

A CRISE, A FALTA DE EMPREGO, A FALTA DE OPORTUNIDADES SON PRODUCTO DA MALA SITUACIÓN ECONÓMICA, PERO SOBRE TODO DA FALTA DE VONTADE POLÍTICA PARA INVERTILA FAN QUE O ACTUAL MODELO ECONÓMICO. QUEREMOS UN NOVO MODELO ECONÓMICO QUE ASEGURE O EMPREGO, PERO NUNCA A COSTA DO MEDIO AMBIENTE NIN DAS NOSAS CONDICIÓN S DE VIDA.

PROMOCIÓN ECONÓMICA

52. Economía para as persoas: Integración de criterios sociais, ambientais e da “calidade de vida” na vida económica da cidade. Unha fiscalidade xusta.

Debemos superar o modelo económico actual baseado prioritariamente na maximización do beneficio para introducir criterios sociais, ambientais e de calidade de vida nas estratexias e decisións da administración municipal.

Actuacións:

- Introducción de parámetros coma a calidade ambiental, o impacto social, a distribución da riqueza, na avaliación de obxectivos e resultados.
- Modificación das ordenanzas fiscais para unha política tributaria progresiva e socialmente xusta en apoio ás familias e persoas máis necesitadas.
- Incremento nas bonificacións do IBI.
- Fomento do emprendemento reaxustando o ICIO e as taxas de apertura.
- Defensa do medioambiente, modificando as tarifas do IVTM en función do tipo de vehículo e combustible.

99 MEDIDAS PARA O 99%

53. Atendendo á promoción da diversificación da actividade económica, reorientar o modelo produtivo, e facelo máis xusto ambiental e socialmente e así poder axustar tamén os Itinerarios persoais de Inserción das persoas usuarias a este novo enfoque.

O modelo produtivo actual non ten a diversificación e a flexibilidade necesaria para adaptarse ao noso entorno ambiental nin ás necesidades sociais. Necesitamos facelo máis xusto coas persoas e máis responsable co medio ambiente. Para iso é necesario realizar unha diagnose da situación económica actual na Coruña e un estudo de necesidades actualizadas, con especial fincapé na promoción dun modelo económico social que integre os criterios de calidade de vida, no canto de estar deseñado para grandes empresas e superficies.

Actuacións:

- Impulso das actividades do comercio de proximidade e do emprego autónomo, microempresas, pequena empresa.
- Motivar as boas prácticas e promover a responsabilidade social e medioambiental.
- Poñer os alicerces para fomentar unha estrutura baseada na solidariedade e cooperación de diferentes servizos, onde as persoas que cumprimos diferentes roles no modelo económico (consumidoras, traballadoras, emprendedoras/empresarias) se poñan en relación, de xeito que o Concello faga de nexo facilitador.

54. Promoción do comercio de proximidade fronte ó modelo de grandes centros comerciais, mediante medidas de fomento e consolidacion de comercio local. Potenciar estratexias colaborativas entre os/as comerciantes/as.

A aposta polo comercio de proximidade é chave para a Marea Atlántica. A política de centros comerciais situados na periferia demostrouse errónea (polo estado no que actualmente se atopan moitos destes centros), e fixo un dano enorme ao tecido comercial da cidade.

O Concello debe poñerse ao servizo do comercio de proximidade coruñés.

Actuacións:

- Potenciar estratexias colaborativas entre os/as comerciantes/as.
- Implementación das novas tecnoloxías, reformulando a central de compras para reducir custos de aprovisionamento.
- Crear un servizo de asesoramento para consolidación e mellora do comercio de proximidade, a formación empresarial das propietarias de comercios.
- Creación dun “Banco de Traspasos”.

55. Promoción dos mercados municipais, municipalización da súa xestión e revisión da actual ordenanza de funcionamento destes.

A Marea aposta por integrar os espazos municipais e o comercio de proximidade a través da revitalización dos mercados municipais como espazos centrais do comercio de alimentación, así como dos barrios onde se sitúan. Entendemos que os mercados deben servir como unha das primeiras opcións de compra para os veciños e veciñas de cada barrio. Debemos rematar coa estratexia de esmorecemento



paulatino que se ten dado nos últimos anos mediante un plan de promoción e modernización dos mercados municipais.

Os mercados son unha opción que contribúe a dinamizar o barrio e a adquirir hábitos saudábeis.

Actuacións:

- Facilitar o acceso de novos praceiros/as aos postos dos mercados municipais.
- Promover a diversificación de funcións, incluíndo os produtos artesanais, ecolóxicos e de produción local.
- Mellora das comunicacións e do acceso e mobilidade interna dos mercados, apoiar as iniciativas que leven a cabo os praceiros/as para dinamizar o propio mercado e atraer a nova clientela.
- Xestión directa dos mercados por parte do Concello, modificando a ordenanza que regula o funcionamento destes e requerir aos concesionarios compromiso co comercio de proximidade.

56. Declaración, no caso de aprobarse, de Concello insumiso e oposto á aplicación do Tratado Transatlántico de Comercio e Inversión (TTIP).

Actualmente a a Unión Europea e os Estados Unidos están a negociar de costas á cidadanía, un tratado de cooperación comercial que persegue a liberalización total dos servizos públicos e conseguinte privatización, a limitación dos dereitos laborais, así como erosionar a capacidade dos poderes públicos para regular a prestación de tales servizos atendendo ás necesidades da cidadanía, e da Xustiza para resolver as controversias que se deriven da súa aplicación. Así mesmo pode implicar unha rebaixa maior das actuais condicións laborais, se se ten en conta a aplicación conxunta de NAFTA e TTIP.

Actuacións: - Utilización dos mecanismos que estean ao alcance para lograr a transparencia na negociación e a reformulación dos parámetros dos que parte o



TTIP.

57. Fomento de mercado de produtos de primeira necesidade, ecolóxicos e artesanais para fomentar a soberanía alimentaria do concello e bisbarra. acompañado de medidas de educación e sensibilización entre a cidadanía.

A marea está comprometida coa soberanía alimentaria e coa promoción dunha economía de proximidade, sostible, respectuosa co medioambiente e xestionada ao servizo das persoas. Por iso, é preciso impulsar un plan de promoción dos produtos locais, artesanais e ecolóxicos que reverta, por unha banda, nun maior dinamismo das redes de comercio local e de proximidade e, por outra, nunha mellora dos hábitos alimentarios das persoas.

Actuacións: - Recuperación das feiras tradicionais, achegando as instalacións precisas e coordinar estas actuacións coa promoción do comercio da cidade e da rede de mercados municipais.

58. Elaboración dun plano municipal de fomento do I+D+i.

Un panel de expertos e empresas definirá as áreas de I+D e innovación de maior transcendencia para o desenvolvemento do Concello e a bisbarra. En colaboración co resto de Administracións, a UDC e o Sistema Galego de Innovación, deseñárase un plan municipal de I+D+i, que teña en conta as potencialidades da cidade, e as iniciativas neste sector actualmente existentes. Neste ámbito teranse especialmente en conta as posibilidades de desenvolvemento económico e emprego que levan consigo o software libre.



59. Aposta polo crecemento e ampliación de mercados.

Os servizos municipais colaborarán co tecido empresarial da cidade na análise das potencialidades deste de cara a detectar oportunidades comerciais existentes tanto no mercado español, como estranxeiro. O Concello deberá promover e facilitar as actuacións que podan axudar ás empresas coruñesas a darse a coñecer e a establecer redes e implantarse en novos mercados, a través da presenza en feiras, proxectos virtuais.

EMPREGO

60. Plan municipal de emprego.

O emprego e a loita contra do desemprego é e vai ser prioridade máxima para a Marea.

E necesario que baixo os criterios polos que se aposta de xustiza social e ambiental e innovación empresarial e tecnolóxica, se elabore un plan municipal de emprego, integral, que incorpore aos axentes implicados cara a consecución de obxectivos comúns.

Actuacións:

- Creación dun Plan Municipal de emprego.
- Aplicación de IPIs que ademais de servizos de orientación e acompañamento manteñan a formación en Competencias Clave e as habiliten para acceder a formación con Certificados de Profesionalidade, aumentando preferentemente a formación nas áreas nas que se requiran ditos certificados.
- Emprendemento: Prioridade á creación de cooperativas, favorecendo acceso a espazos de traballo como os viveiros de empresas ou espazos de coworking.
- Empresas: Traballo en camiño da adopción de criterios de xustiza social e

99 MEDIDAS PARA O 99%



ambiental e de innovación tecnolóxica necesarios para que melloren a cantidade e a calidade do emprego xerado.

- Conveniar prácticas laborais en entidades e empresas con posibilidades de contratación.

61. Reformulación do Centro Municipal de Emprego.

Formación e reciclaxe permanente do persoal técnico municipal e dos proxectos en materias de innovación empresarial, consolidación, cooperativismo e para a aplicación de IPIs e formación de persoas desempregadas. E preciso que o concello sexa unha das entidades de referencia na orientación laboral.

Actuacións:

- Favorecer o acceso ao asesoramento tanto para busca de emprego por contaallea como por conta propia, con persoal formado nas diferentes liñas de acceso e mantemento dun emprego digno.
- Mario seguimento das/os usuarias/os. e que o persoal técnico teña coñecemento das prácticas innovadoras para levalo a cabo.
- Especial atención ás novas practicas empresariais que incorporen os principios e valores sociais e de sustentabilidade.

62. Ampliación de servizos de atención á conciliación e á mellora de vida das persoas.

Analizar a situación destes servizos para comprobar se é necesario ampliar e crear novos servizos ou optimizalos de xeito que se facilite un acceso universal da cidadanía aos mesmos, principalmente aqueles adicados á atención á dependencia, escolas infantís, bancos de tempo, canguraxe municipal... ao tempo que neses servizos que se creen, se amplíen ou se reforcen se favoreza a creación de postos de traballo. Estes servizos favorecen o acceso das persoas en igualdade aos servizos de

99 MEDIDAS PARA O 99%



inserción laboral que existan na cidade, así como, unha vez insertadas para que se favoreza o mantemento dos postos de traballo, sexan estes por conta allea ou por conta propia.

63. Realización de estudos de prospección de emprego.

Incorporar nestes estudos os criterios de xustiza social e ambiental, así como de innovación que actualicen os verdadeiros xacementos de emprego que se xeneran a curto, medio e longo prazo no concello e contorna.

64. Programa de formación e creación directa de emprego sostible en 5 áreas.

Entendemos que o Concello debe ser unha institución desde a que xerar emprego, emprego público e ao servizo da cidade, do benestar públicos e da poboación.

Actuacións: - Xeración de emprego público nas seguintes áreas: Prevención e xestión sostible de residuos Apoio do pequeno comercio e hostalería Atención a persoas Cooperativismo Rehabilitación enerxética de edificios.

65. Plan de emprego xuvenil.

A mocidade é un dos sectores máis golpeados pola crise e o desemprego, o fomento da inserción no mercado laboral para menores de 30 anos deber ser unha prioridade, unha prioridade para evitar a migración e fomentar o retorno.

Actuacións:

- Acceso a fontes de financiamento (autonómicas e estatais) como os fondos europeos de Garantía 2020, xestionados pola Xunta pero con acceso desde os concellos, de modo que se favoreza o tránsito á formación e emprego da mocidade.



-Énfase nas áreas nas que se detectan xacementos reais de emprego e incorporando os criterios sociais e de innovación definidos ao longo do programa.

TURISMO

66. Mellora na promoción municipal do turismo, con especial posta en valor do patrimonio e tendo en conta a poboación local como beneficiaria e usuaria dos plans turísticos.

Fronte a un modelo de campañas publicitarias e tradicións importadas, a Marea Atlántica defende un modelo que poña en valor o patrimonio da cidade: arquitectura, historia, espazos naturais, gastronomía, comercio de proximidade, etc., acorde coa tradición da cidade fomentando un turismo de calidade e tamén un xeito de ocio interno.

Actuacións:

- Creación dun servizo turístico integral que agrupe os diferentes polos de atracción e transporte urbano.
- Unha política turística debe ter en conta aos coruñeses e coruñesas, de xeito que os recursos turísticos da cidade podan ser utilizados por todas as persoas.

67. Diversificación dos recursos turísticos.

As políticas turísticas na Coruña teñen carecido de imaxinación nos últimos anos, centrándose no obvio e sen aproveitar todas as potencialidades da cidade. Sen abandonar aquilo que funciona, podemos atraer máis visitantes se enfocamos as cousas de xeito menos trillado, na procura daquelas persoas que buscan cousas un pouco diferentes.

Actuacións:

99 MEDIDAS PARA O 99%



- Potenciar os mercados municipais, incluíndo ofertas gastronómicas e produtos propios.
- Coordinación con outros concellos galegos para crear rutas temáticas (as 7 cidades do Reino de Galicia, a Galicia Romana, O Arco Ártabro, o turismo mariñeiro, etc.) e tamén facer da Coruña unha cidade tolerante co nudismo, poñendo sinalética e habilitando praias ou zonas de praia concretas especificamente nudista.
- Diseñar novas rutas turísticas que inclúan as zonas menos coñecidas da cidade pero con potencial de atracción de visitantes

69. Renovación do Programa de Festas, potenciando actividades con potencial de captación de visitantes, pero tamén pensando nos coruñeses e coruñesas.

As festas da cidade están moitas veces pensadas de costas aos propios veciños e veciñas, e non amosan todo o potencial de atracción de turistas que deberían.

Actuacións:

- Extensión dos programas festivos aos barrios, implicando a asociacións veciñais e ás vencelladas aos eventos.
- Regularase tamén a reserva dunha porcentaxe de postos locais en eventos.

MEDIDAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA

70. Integración das políticas de eficiencia enerxética en todas as áreas de xestión municipal, incluídos os eventos e as festas. Medidas técnicas de aforro enerxético en edificios municipais xa auditados.

A Marea Atlántica interioriza a necesidade de emprender unha transición cara un novo modelo de cidade que introduza o aforro e a eficiencia enerxética no conxunto das políticas municipais.

Actuacións:

- Implementación dunha estratexia de eficiencia enerxética e cambio cara as enerxías renovables que repercuta nunha redución do consumo de enerxía.
- Fomento da independencia enerxética, o autoabastecemento e o fomento das enerxías renovables, son obxectivos razonables e de sentido común.

71. Medidas de apoio para a rehabilitación enerxética en comunidades veciñais, especialmente aquelas situadas en barrios de maior antigüidade.

Establecemento de axudas específicas á rehabilitación enerxética de edificios e vivendas, así como de renovación enerxética (caldeiras, ascensores, etc), condicionadas ao cumprimento de estándares municipais de eficiencia enerxética e ao uso de materiais naturais e sostibles medioambientalmente contribuirá á actividade económica, á redución do desemprego no sector da construción e á mellora do confort e a calidade da veciñanza e do conxunto da cidade.

A tal obxectivo irá tamén dirixido o fomento e colaboración municipal na realización de auditorías enerxéticas en comunidades de veciños/as, especialmente aquelas situadas en barrios de maior antigüidade.

72. Revisión e revitalización da Estratexia contra o Cambio Climático da Coruña e dotación de recursos á Oficina Contra o Cambio Climático.

A integración na política de goberno municipal dunha estratexia axeitada contra o cambio climático obriga á necesaria execución de medidas no plano da planificación e programación de actuacións.

Actuacións:

- Revisión do documento de Estratexia contra o Cambio Climático.
- Dotación de recursos, materiais e humanos, á Oficina Contra o Cambio Climático cara poder executar e desenvolver unha Estratexia que tamén debe ser o resultado de procesos de participación pública, tanto na fase de redefinición e revisión da mesma como da súa xestión.

73. Adquirir unha porcentaxe crecente de enerxía de fontes renovables, con especial interese nas de orixe cooperativista.

No 2010 a Axencia Internacional da Enerxía recoñecía recoñecía que xa alcanzamos ao Peak Oil polo que compre reducir a dependencia das enerxía fósiles utilizando para elo enerxía renovables. Nos últimos anos están xurdindo iniciativas cooperativistas alternativas ás compañías tradicionais que se comprometen a xerar tanta enerxía limpa como a que venden, contribuíndo a diminuír esta dependencia dos combustibles fósiles e o seu impacto ambiental.

Actuacións:

- Fomento das enerxías renovábeis nas instalacións municipais.

–

74. Información pública e accesible.

Publicitar o consumo enerxético da cidade nos seguintes ámbitos: a) Transporte; b) Iluminación nocturna; c) Infraestructuras municipais.

Tan necesaria é a auditoría enerxética das infraestructuras e servizos municipais como dar a coñecer periodicamente os seus resultados, en especial os consumos e custos a elo asociados.

Actuacións:

- Elaboración de medidas efectivas de redución de consumo enerxético e de contaminación lumínica.
- Auditoría de consumos para a redución e eliminación efectiva dos innecesarios.

75. Colaboración coas empresas no fomento, asesoramento e apoio á eficiencia e aforro enerxético, ao emprego de enerxías renovables, nos polígonos industriais da cidade.

As empresas consumen unha porcentaxe elevada do total da enerxía que consume na cidade, así que é moi importante ter unha estreita colaboración con elas para así poder reducir o consumo global.

Actuacións:

- Dotación de información á industria local para unha transición cara un modelo enerxético sostíbel.
- Fomento fiscal da mudanza cara as renovábeis.



MEDIDAS DE COMPRA PÚBLICA RESPONSABLE

76. Incorporación de criterios medioambientais, éticos e sociais aos contratos de obras, contratos e compras realizadas polo concello.

Actualmente a compra pública aséntase na imparcialidade nos procedementos de contratación, utilizándose practicamente de xeito exclusivo os os criterios de calidade e prezo, sendo a eficiencia económica a base deste proceso.

A compra pública responsable supón un avance nesta visión. O sector público pode e debe asumir un papel protagonista como líder e motor do desenvolvemento da responsabilidade social.

Actuacións:

- Incorporación de criterios éticos, sociais e ambientais nas decisións de compra e contratación.

77. Cumprimento do prazo legal de 30 días, e a ser posible redución, de pago a provedores.

O Concello ten incumplido repetidamente dito prazo máximo legal, do mesmo xeito que é unha práctica sistemática o de rematar o ano con "facturas no caixón", pendentas de imputación orzamentaria. Mais este non é só un problema do Concello, senón principalmente dos provedores, pequenas e medianas empresas ou autónomos, que en moitos casos ven perigar a continuidade dos seus negocios polos continuos atrasos. Recoñecer as débedas e pagar en prazo legal non só supón o cumprimento dunha obriga legal senón tamén dun deber ético e moral cos provedores, e o primeiro xeito de favorecer o emprego e a actividade económica na nosa Cidade.



78. Impulsar a formación dos responsábeis de contratación, intervención e asesoramento xurídico na aplicación de criterios de Compra Pública Responsable.

Para poder levar a cabo os obxectivos sinalados, deberá formarse aos responsábeis de contratación nos criterios de Compra Pública Responsábel. Só deste xeito poderán introducirse de xeito efectivo os criterios ambientais, laborais, de xénero, de emprego, diversidade funcional, ou apoio á economía social como criterios de valoración (cláusulas sociais) na contratación pública.

79. Priorización da banca ética e cancelación de saldos en institucións bancarias que realicen desafiuzamentos.

O Concello debe poñerse de parte dos seus cidadáns. Isto implica tamén tomar decisións que favorezan a aquelas entidades financeiras que se comporten dun xeito ético e responsábel. Non podemos esquecer que a situación de emerxencia social que vivimos foi creada polo sistema financeiro no seu conxunto, a través da creación da burbulla inmobiliaria, dos sucesivos rescates bancarios, da restrición do crédito, etc. Nesta situación á cidadanía cómprelle esixir a estas entidades que estea a altura e deixen de preocuparse unicamente polas súas contas de resultados, para introducir na súa xestión criterios de sostibilidade social. Nese sentido, o Concello debe premiar a aquelas entidades financeiras que rixan a súa actividade a través de un funcionamento ético e responsábel coa sociedade no seu conxunto. E dende logo, cancelar os saldos das contas con aquelas outras que sigan a executar desafiuzamentos que impliquen deixar a persoas sen fogar.



80. Auditoría do software e implantación progresiva de software libre.

O software libre é garante da independencia e da soberanía tecnolóxica e permite compartir o coñecemento entre os pobos. Ao mesmo tempo, implica aforro para as institucións públicas, favorece o fortalecemento dun tecido tecnolóxico/industrial local e incentiva a investigación, polo que por esta vía tamén pode crearse emprego e novas oportunidades.

Actuacións:

- O Concello debe promover nos seus propios servizos o uso do software libre.
- Auditoría do software actualmente existente para, progresivamente, reemplazalo por ferramentas libres.



CULTURA

A CULTURA ENTRÉNNOS, A CULTURA RETRÁTANOS, A CULTURA DEIXA TESTIMONIO DUN TEMPO, A CULTURA DEBE SER FOMENTADA, DEBE SER COIDADADA, DEBE FACERSE ACCESIBEL A TODO MUNDO.

CULTURA, LINGUA E MEMORIA, SON TAMÉN EIXOS FUNDAMENTAIS PARA A MAREA ATLÁNTICA.

81. Creación dun Observatorio / Laboratorio, un centro de investigación e produción que facilite proxectos culturais na cidade.

A Marea Atlántica procura encher un baleiro fundamental na cidade coa creación dun Observatorio /

Laboratorio, un centro que permita a creación e o diálogo cultural. O modelo cultural de xestión municipal actual, marcado pola tutelaxe e delimitado en boa medida pola marxinación dos recursos propios, a privatización de servizos e a tendencia ao apoio de medidas ou proxectos de alto custe, non funciona. Así, fronte a estas directrices, presentamos unha proposta novidosa que cumpre, en simultáneo, estes obxectivos: o desenvolvemento de talentos artísticos e novas propostas culturais; a formación e promoción no xurdimento de novos proxectos; a investigación cultural constante e a produción de ideas e accións concretas, abertas a todas e moitas delas participados pola cidadanía.

Actuacións:

- Creación nas instalacións culturais existentes dun Observatorio Cultural co obxectivo posto na formación e na investigación da creación cultural.

99 MEDIDAS PARA O 99%



82. Elaboración do Plan Municipal de Bibliotecas, incluíndo o deseño dun Plan Municipal de Lectura, coa finalidade de reavivar a calidade do servizo.

Os recursos e excelentes resultados históricos da Rede de bibliotecas municipais -en termos de usuarios todavía máis que aceptables- son cuestionados e maltratados pola política de emprego e atención ao servizo do goberno municipal. A Marea propón intervir no abandono e precarización deste servizo, así como facer crecer as franxas de idade para unha lectura crítica cara á sociedade.

Actuacións:

- Deseño dun Plan municipal de bibliotecas.
- Creación dun Plan municipal de Lectura, onde aparezan incluídos e interpelados todo tipo de colectivos sociais, así como a iniciativa pública e privada (librarías).

83. Conexión de modo activo das infraestruturas culturais cos barrios en que se atopan.

A Coruña é unha cidade con moitas e boas infraestruturas, máis de 20 centros cívicos activos e toda unha serie de instalacións construídas e habilitadas para actividades sociais, artísticas e culturais.

Optimizar o seu uso e achégalos á cidadanía son a obriga do goberno de todas que propugna a Marea.

Isto garante a función social ao tempo que propaga a dimensión de corresponsabilidade e autoorganización.

Actuacións:

- Facilitación de modo activo, descentralizado e participado o uso das infraestruturas a asociacións, organizacións sociais, entidades sen ánimo de lucro e persoas individuais.

84. Activación dun plan de residencias artísticas. En paralelo, estímulo e respaldo para a presenza de artistas locais na programación cultural.

No fomento da diversidade agora ausente, a cultura popular, a innovación artística e a descentralización da programación son tres dos eixos destinados a xogar un papel esencial. Se facemos fincapé na produción local, a Marea Atlántica incorpora ou reforza o aspecto formativo, activando un plan de residencias artísticas para creadores en espazos municipais da cidade. Os creadores locais forman parte tamén inseparable da programación cultural da cidade, na liña de activar mecanismos de relación bidireccionais entre a administración e os barrios, colectivos e individuos da cidade.

85. Promoción da xestión cultural sostíbel.

Parte das pautas de comportamento fixadas pola Marea Atlántica cadran en xerar mecanismos para facilitar a xestión entendida dun xeito cooperativo, colectivo ou con vocación social. O ámbito cultural artellado sobre o diálogo e a participación respalda este concepto.

86. Potenciación de proxectos comunitarios e formativos coa Orquestra Sinfónica de Galicia.

Xunto cos Museos Científicos, a Orquestra Sinfónica é outra das entidades municipais que acredita excelencia. Como cidade con tradición e talento musical, A Coruña debe construír unha programación plural e coherente que atenda á variedade existente e desenvolva as múltiples posibilidades pedagóxicas que consinten os recursos, infraestruturas e persoal.



Actuacións:

- Potenciar a relación da Orquestra Sinfónica coa cidade a través dunha maior profusión de proxectos sociocomunitarios e formativos.

87. Ampliar e propagar a programación de Viñetas desde o Atlántico.

Son moitos os colectivos, axentes e creadores na área das artes plásticas e gráficas, unha longa tradición asentada no ámbito do cómic e a ilustración coa cita anual de Viñetas dende o Atlántico.

Actuacións:

- Reforzo do festival de Viñetas desde o Atlántico con maior programación e fomento da formacións.
- Emprego do festival para a xeración de redes de persoas implicadas na creación.
- Utilización do festival para a promoción e visibilización da creación local.



EDUCACIÓN

88. Creación dunha Universidade Popular.

Coa finalidade de enriquecer e ampliar a paleta de actividades vinculadas á educación non formal e continua, transmitindo a importancia desta como elemento de transformación social, xorde esta institución municipal orientada a suplir as carencias da educación académica oficial. Quere ser unha canle onde as iniciativas creativas cidadáns relacionadas co mundo da profesión, dos diversos saberes, da arte e as letras teñan cabida, acollida e apoio, sen distinción de idades, sexo, etc. Un proxecto capaz de aproveitar, para iso, as institucións municipais actuais relacionadas coa cultura e a educación e darlles un novo sesgo social e aberto, outra muesa de cruce entre a transparencia e o democrático aplicado ao ámbito educativo.

Actuacións:

- Creación dunha Universidade Popular co obxectivo de achegar formación e educación avanzada.

89. Rexeneración e potenciación da relación da Universidade da Coruña (UDC) coa cidade.

Nun tempo desafortunado para o investimento en educación, non debe cesar ou remitir o vínculo do Concello cunha institución como é a Universidade da Coruña.

Actuacións:

- Rexeneración dos lazos de colaboración entre o Concello e a UdC.



90. Cubrir a demanda de prazas en escolas infantís municipais.

Se dende o concello temos que ofrecer instrumentos e mecanismos de relación que fomenten unha pedagogía crítica, a creación de coñecemento e metodoloxías e espazos de relación entre cultura e educación, tamén, dentro das competencias habidas neste ámbito educacional, debemos dotar aos pais e as familias das prazas que demandan no ensino infantil.

Actuacións:

- Aumento de prazas nas escolas infantís municipais.
- Melloras nos prezos e na accesibilidade a ditas escolas.
- Melloras na xestión dos comedores e fomento das actividades extraescolares.



MEMORIA, LINGUA

91. Celebración no 2016 do Ano das Irmandades da Fala (centenario), destacando a súa condición visionaria na perspectiva de xénero.

Outro apartado onde o brillo debe resucitar. A Coruña como cidade de letras posúe toda unha laboriosa e evocadora tradición. Debe revitalizarse o apoio a actividade libresca e literaria.

Actuacións:

- Celebración e declaración do ano 2016 como ano das Irmandades da Fala, nacidas na Coruña en 1916, e que debe servir para impulsar o rescate dun pasado no que, sen ir máis lonxe, a figura da muller xoga un papel tan descoñecido como importante.

92. Activación do proxecto "Caixa da memoria", posta en valor do legado persoal e colectivo na construción dunha cidade de progreso social.

A cidade constrúese historicamente con salientábeis contribucións individuais e colectivas, un legado que cómpre preservar e difundir.

Actuacións:

- Creación dun proxecto denominado "Caixa da memoria" que recolla as pegadas de persoas e colectivos de toda condición que contribuíron e contribúen a dotar a cidade dunha identidade e dun sentido social e de progreso, rexistrando toda a información nun múltiple mosaico cidadán que amose e difunda ese legado.
- Maior protagonismo e accesibilidade ao Arquivo Municipal e outras institucións

99 MEDIDAS PARA O 99%



depositarias do noso legado que poden e deben ter un maior protagonismo na cidade.

93. Fomento da lingua galega tanto nos usos da propia administración como nos usos sociais dando cumprimento á normativa e ao plan de normalización lingüística.

O galego, como lingua propia do país, constitúe un patrimonio cultural fundamental, individual e colectivo, polo que o Concello promoverá o seu uso e difusión desde unha perspectiva integradora.

Actuacións:

- Aplicar a lexislación vixente en materia lingüística nas entidades locais e favorecer a utilización do galego como idioma habitual do Concello da Coruña.
- Establecer un programa específico para a formación e fomento do galego formulado para a administración municipal e o conxunto da sociedade, incidindo de xeito especial nas actividades educativas (p.e. nas escolas infantís Municipais), culturais e de ocio dirixidas á mocidade.
- Recuperar a toponimia non deturpada no rueiro da cidade.

94. Eliminación de toda simboloxía franquista aínda presente no rueiro da cidade.

Facilitar o cumprimento da Lei da Memoria Histórica, Lei 52/2007, de 26 de decembro, o que inclúe a eliminación do rueiro asociado a aqueles que practicaron violencia durante a guerra civil e a dictadura: General Mola, General Sanjurjo, División Azul, Juan Canalejo, etc.



CIENCIA

95. Activación dun plan de colaboración entre os mc2 e o tecido investigador local (UDC, INIBIC, Centro Oceanográfico).

A Marea atlántica pretende que a cidadanía rentabilice a presenza dunha excelente infraestrutura pública dedicada á divulgación da ciencia (tres centros municipais e un estatal) para afortalar e desenvolver a cultura científica como un dos elementos centrais da identidade coruñesa. De cara ao futuro partimos do elevado nivel de aceptación dos Museos Científicos por parte dos usuarios e da situación de abandono propiciado polo último goberno municipal.

No ámbito municipal non entra a priori a opción de incidir na investigación (reservada para a UDC e centros de investigación como o INIBIC, Instituto de Investigación relacionado co CHUAC, e o Oceanográfico) e a educación formal ven cuberta polo sistema educativo, polo tanto o central, e sobre o que temos infraestruturas é a divulgación da ciencia, conectar a cidadanía coa ciencia, desenvolver a cultura científica e proxectos propios para súa difusión.

Actuacións:

- Promoción de canles de colaboración entre os mc2 e o tecido investigador local (UDC, INIBIC, Centro Oceanográfico, etc), co fin de que se conviryan nunha canle prioritaria para a difusión do seu labor aos cidadáns.
- Elaboración de programas específicos de actividades para a promoción tanto dos museos como dos produtos da investigacións..



96. Creación dun foro de comunicación permanente, virtual e presencial, coa mocidade da cidade e a mocidade emigrada vinculada á ciencia e á innovación.

Convén artellar un programa que non perda de vista tampouco mimar ás investigadoras, divulgadoras e creadores para que senten as bases de algo sólido aquí e, como devén tan característico, non marchen fóra.

Actuacións:

- Creación dun Foro de comunicación coa mocidade emigrada da cidade, unha actuación como axentes mediadores activos que favoreza a creación de instrumentos de debate coas institucións implicadas, o mundo da empresa e os colectivos afectados, cara ao deseño de estratexias que incidan no tema.



DEPORTES, POLÍTICAS DO CORPO

97. Fomento do deporte de base e creación de equipamentos na rúa, con énfase na promoción do deporte feminino.

Favorecendo sempre a participación e a formación, non a competición, así como o apoio e seguemento en todas as franxas de idade, a Marea cre imprescindible o deporte de base. Outra das obrigas no propósito de abastecer as necesidades dos distintos puntos da cidade, pasa por atender o deporte de rúa, instalando novos equipamentos, que en ningún caso impidan ou limiten a actividade, reconquistando o espazo público para a práctica do deporte como opción saudable e de ocio. Dentro das políticas de xénero, a difusión do deporte feminino procura un equilibrio nestas prácticas non existente na actualidade.

98. Garantir o acceso ao uso das institucións culturais e deportivas ás persoas con diversidade funcional.

O Concello debe habilitar instalacións públicas e no conxunto da cidade onde as persoas con diversidade funcional (física ou psíquica) poidan practicar actividades físicas.

99. Activación dunha xestión nas políticas do corpo que garanta a investigación, educación, práctica e prevención do corpo entendido de xeito integral.

Dende a Marea abordaranse con igual importancia e calado todas aquelas propostas e proxectos vinculados co coñecemento do corpo, a saúde integral, a investigación

99 MEDIDAS PARA O 99%



entendida de xeito transversal a calquera práctica do corpo, a prevención en todas as capas da sociedade, os deportes, a actividade física en xeral, o alto rendemento (entornos naturais, o xogo, a danza, o circo...).

A Marea entende que desde as políticas públicas actuais debemos crear una estrutura de xestión no ámbito das políticas co corpo que asegure a investigación, educación, práctica, prevención, rehabilitación, etc. do corpo entendido de xeito integral e complexo. Para iso debemos crear, ao igual que o plantexamos coa cultura, unha estrutura de xestión áxil que permita que cidadáns particulares, colectivos, asociacións e profesionais poidan desenvolver os seus proxectos en torno ás políticas do corpo con solvencia.

99 MEDIDAS PARA O 99%
